

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

18977 *Real decreto 1825/2009, do 27 de novembro, polo que se aproba o Estatuto da Organización Nacional de Transplantes.*

A disposición adicional terceira da Lei 14/2006, do 26 de maio, sobre técnicas de reprodución humana asistida, modificou o organismo autónomo Centro Nacional de Transplantes e Medicina Rexenerativa, que pasa a denominarse Organización Nacional de Transplantes. Este organismo público conserva a natureza de organismo autónomo e é o encargado de coordinar e fomentar a política de transplantes en España, e de representar o noso sistema sanitario perante os organismos nacionais e internacionais nesta materia.

Para o desenvolvemento destes fins, atribuíronse ao organismo Organización Nacional de Transplantes as funcións que en materia de transplantes se recoñecen ao Ministerio de Sanidade e Política Social pola Lei 30/1979, do 27 de outubro, sobre extracción e transplante de órganos; as atribuídas no seu día á Organización Nacional de Transplantes polo Real decreto 2070/1999, do 30 de decembro, polo que se regulan as actividades de obtención e utilización clínica de órganos humanos e a coordinación territorial en materia de doazón e transplante de órganos e tecidos, e as previstas no Real decreto 1301/2006, do 10 de novembro, polo que se establecen as normas de calidade e seguranza para a doazón, a obtención, a avaliación, o procesamento, a preservación, o almacenamento e a distribución de células e tecidos humanos e se aproban as normas de coordinación e funcionamento para o seu uso en humanos.

Segundo o disposto na citada disposición adicional terceira da Lei 14/2006, do 26 de maio, e de conformidade co artigo 62 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, este real decreto aproba o Estatuto como organismo autónomo da Organización Nacional de Transplantes, acollendo a peculiaridade da pertenza ao réxime estatutario do groso do seu persoal e adaptando a súa estrutura e competencias á distribución orgánica e funcional dada ao departamento polo Real decreto 1041/2009, do 29 de xuño, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Sanidade e Política Social.

En relación co xa citado persoal estatutario da Organización Nacional de Transplantes, optouse por aplicarlle directamente o sistema de carreira profesional do persoal estatutario do Instituto Nacional de Xestión Sanitaria. O fundamento desta decisión consiste en que a carreira profesional de todo o persoal estatutario ao servizo do sector público estatal debe ter unha única regulación co fin de que resulten idénticos os seus aspectos fundamentais, máxime cando nos atopamos no mesmo ámbito de actuación –o sanitario– e con adscrición ao mesmo departamento ministerial.

Na tramitación deste real decreto deuse audiencia ás comunidades autónomas e someteuse ao Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde.

Na súa virtude, por iniciativa da ministra de Sanidade e Política Social, por proposta conxunta das ministras da Presidencia e de Economía e Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de novembro de 2009,

DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación do Estatuto da Organización Nacional de Transplantes.*

Apróbase o Estatuto da Organización Nacional de Transplantes, cuxo texto se insire a continuación.

Disposición adicional primeira. *Comisión de Transplantes.*

1. A Comisión de Transplantes do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde actuará como órgano de coordinación interterritorial e asesoramento do Sistema Nacional de Saúde en materia de doazón e transplantes de órganos, tecidos e células.

2. A Comisión de Transplantes dependerá do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, ao cal deberá render contas das súas actividades, e estará integrada polo director da Organización Nacional de Transplantes, que fará as funcións de presidente, e os coordinadores autonómicos de transplantes de cada comunidade autónoma.

3. A Comisión de Transplantes, no seu propio seo e baixo a súa tutela, poderá establecer as subcomisións estables ou grupos de traballo sobre materias específicas que mellor conveñan para o desenvolvemento das súas actividades.

Disposición adicional segunda. *Desenvolvemento da carreira profesional do persoal estatutario.*

Ao persoal estatutario da Organización Nacional de Transplantes seralle directamente de aplicación o sistema de carreira profesional do persoal estatutario do Instituto Nacional de Xestión Sanitaria.

Mediante resolución do presidente da Organización Nacional de Transplantes, logo de consulta coas organizacións sindicais presentes na Mesa Sectorial de Sanidade, acordaranse aquelas medidas organizativas que poidan resultar necesarias para a aplicación do sistema de carreira profesional do Instituto Nacional de Xestión Sanitaria ao persoal estatutario da Organización Nacional de Transplantes.

Os efectos económicos do previsto nesta disposición adicional serán de aplicación desde a entrada en vigor deste real decreto.

Disposición transitoria única. *Unidades e postos de traballo con nivel orgánico inferior a subdirección xeral.*

As unidades e postos de traballo con nivel orgánico inferior a subdirección xeral subsistirán e serán retribuídos con cargo aos mesmos créditos orzamentarios ata que se aproben as correspondentes relacións de postos de traballo ou cadros de persoal estatutario adaptados á estrutura orgánica deste real decreto. A dita adaptación en ningún caso poderá supor incremento do gasto público.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto e, en especial, quedan expresamente derogadas as seguintes:

a) O Real decreto 176/2004, do 30 de xaneiro, polo que se aproba o Estatuto do Centro Nacional de Transplantes e Medicina Rexenerativa, e queda suprimido, en consecuencia, o posto de coordinador nacional adxunto, con rango de subdirector xeral.

b) Os artigos 19 e 21 do Real decreto 2070/1999, do 30 de decembro, polo que se regulan as actividades de obtención e utilización clínica de órganos humanos e a coordinación territorial en materia de doazón e transplante de órganos e tecidos.

Disposición derradeira primeira. *Facultade de desenvolvemento.*

Autorízase a ministra de Sanidade e Política Social para que adopte as medidas que sexan necesarias para o desenvolvemento e execución deste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 27 de novembro de 2009.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

ESTATUTO DO ORGANISMO AUTÓNOMO ORGANIZACIÓN NACIONAL DE TRANSPLANTES

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Natureza xurídica e adscrición orgánica.*

1. A Organización Nacional de Transplantes é un organismo autónomo dos previstos no artigo 43.1.a) da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, adscrito ao Ministerio de Sanidade e Política Social a través da Dirección Xeral de Terapias Avanzadas e Transplantes, con personalidade xurídica propia e diferenciada, patrimonio e tesouraría propios, así como autonomía de xestión e plena capacidade de obrar para o exercicio das competencias que lle corresponden.

2. Corresponde ao Ministerio de Sanidade e Política Social, a través da Secretaría Xeral de Sanidade, a dirección estratéxica, a avaliación e o control da eficacia e dos resultados da actividade do devandito organismo, sen prexuízo das competencias atribuídas á Intervención Xeral da Administración do Estado en canto a avaliación e control de resultados do sector público estatal.

Artigo 2. *Réxime xurídico.*

A Organización Nacional de Transplantes rexerase pola Lei 14/2006, do 26 de maio, sobre técnicas de reprodución humana asistida; a Lei 30/1979, do 27 de outubro, sobre extracción e transplante de órganos; a Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de Sanidade; a Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde; a Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado; a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público; a Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria; a Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas; a Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, por este estatuto e polas demais disposicións legais aplicables aos organismos autónomos da Administración xeral do Estado.

Artigo 3. *Criterios de actuación.*

1. A Organización Nacional de Transplantes axustará o seu funcionamento aos principios de eficiencia, obxectividade, equidade, cooperación e solidariedade no exercicio das súas funcións.

2. A Organización Nacional de Transplantes promoverá a calidade e seguranza dos procesos sobre os cales exerza a súa competencia e manterá a confidencialidade dos

datos e demais exixencias éticas respecto dos expedientes e actuacións que leve a cabo, de acordo co establecido na Lei 14/2006, do 26 de maio; a Lei 41/2002, do 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e obrigas en materia de información e documentación clínica; a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal; a Lei 30/1979, do 27 de outubro, e nas demais normas aplicables.

CAPÍTULO II

Fins e funcións do organismo autónomo Organización Nacional de Transplantes

Artigo 4. *Fins xerais.*

1. Son fins xerais da Organización Nacional de Transplantes:

- a) Coordinar a política de doazón e transplantes de órganos e tecidos de aplicación en humanos en España.
- b) Promover e impulsar a doazón de órganos e tecidos.
- c) Promover e impulsar os transplantes de órganos, tecidos e células en España, sobre a base dos mencionados principios de eficiencia, obxectividade, equidade, cooperación e solidariedade.
- d) Promover a formación continuada en materia de doazón e transplantes de órganos e tecidos.
- e) Desenvolver, manter, custodiar e analizar os datos dos rexistros de orixe, destino e seguimento dos órganos e tecidos obtidos coa finalidade de transplante, favorecendo a accesibilidade e a publicidade dos resultados e garantindo a súa transparencia.
- f) Asesorar o Ministerio de Sanidade e Política Social e as comunidades autónomas en materia de transplantes de aplicación en seres humanos.
- g) Representar o Ministerio de Sanidade e Política Social nos organismos nacionais e internacionais en materias relacionadas cos transplantes, sen prexuízo das competencias que correspondan ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación e das funcións atribuídas á Secretaría Xeral Técnica en materia de relacións internacionais.
- h) Aqueloutras funcións que en materia de coordinación e xestión dos ensaios clínicos e a aplicación terapéutica da medicina rexenerativa lle poida asignar o Ministerio de Sanidade e Política Social.

Artigo 5. *Funcións.*

Para a consecución dos seus fins, sen menoscabo das competencias das comunidades autónomas, atribúense ao organismo autónomo Organización Nacional de Transplantes as funcións recoñecidas ao Ministerio de Sanidade e Política Social pola Lei 30/1979, do 27 de outubro, sobre extracción e transplante de órganos; as atribuídas no seu día á Organización Nacional de Transplantes polo Real decreto 2070/1999, do 30 de decembro, polo que se regulan as actividades de obtención e utilización clínica de órganos humanos, e a coordinación territorial en materia de doazón e transplante de órganos e tecidos; as previstas no Real decreto 1301/2006, do 10 de novembro, polo que se establecen as normas de calidade e seguranza para a doazón, a obtención, a avaliación, o procesamento, a preservación, o almacenamento e a distribución de células e tecidos humanos e se aproban as normas de coordinación e funcionamento para o seu uso en humanos, e, en particular, as seguintes:

- a) A coordinación da obtención, distribución nacional e intercambio internacional de órganos, tecidos e células para o seu transplante.
- b) A actualización e xestión das listas de espera de ámbito nacional para transplantes de órganos, tecidos e células.
- c) A coordinación da loxística e transporte de equipos de profesionais de extracción e transplante, e a de órganos, tecidos e células para transplante.

d) A promoción e o desenvolvemento da investigación en materia de doazón, dispoñibilidade e aplicación clínica de órganos, tecidos e células para transplante.

e) A promoción e o desenvolvemento das medidas necesarias para a mellora da calidade e seguraza dos órganos, tecidos e células para transplante.

f) A planificación, o desenvolvemento e o mantemento dun sistema de información, promoción e difusión das actividades de doazón e transplante de órganos, tecidos e células en administracións sanitarias, profesionais sanitarios, axentes sociais e cidadáns.

g) A coordinación da información recollida nos rexistros de derradeiras vontades das comunidades autónomas en relación coa doazón de órganos, tecidos e células para a súa utilización en seres humanos.

h) A colaboración na avaliación e a xestión dos proxectos asociados ás subvencións que outorgue o Ministerio de Sanidade e Política Social para a promoción da doazón e do transplante.

i) O desenvolvemento e mantemento dos rexistros estatais de centros autorizados para a extracción, procesamento e implante de órganos, tecidos e células de orixe humana, para utilización en seres humanos, así como o seguimento das devanditas actividades.

j) O mantemento do sistema de codificación e a conexión cos sistemas internacionais de codificación de pezas anatómicas de orixe humana para utilización en seres humanos.

k) O desenvolvemento e mantemento do sistema estatal de biovixilancia e notificación de efectos adversos na utilización en seres humanos de pezas anatómicas de orixe humana, e a conexión cos sistemas internacionais.

l) A avaliación, o seguimento e a autorización, de ser o caso, das importacións e exportacións de órganos, tecidos e células de orixe humana, para utilización en seres humanos.

m) A promoción das medidas necesarias para garantir a plena rastrexabilidade, desde a súa orixe ata o seu destino final, na obtención, no procesamento e no implante de órganos, tecidos e células humanas.

n) A elaboración e actualización das recomendacións ás autoridades sanitarias competentes sobre os programas, criterios de avaliación, acreditación, inspección ou outras medidas de control sobre estes, así como sobre a cualificación e atributos dos profesionais encargados de levalas a cabo.

ñ) A coordinación das solicitudes de información entre as autoridades competentes das comunidades autónomas e as que realicen a Comisión Europea, os Estados membros da Unión Europea ou outros Estados.

o) A promoción das medidas necesarias para garantir o cumprimento dos principios de doazón voluntaria e non remunerada, ausencia de ánimo de lucro nas actividades de promoción e publicidade, protección da confidencialidade dos datos, así como o anonimato entre doador e receptor, salvo nos casos de doazón entre vivos de órganos sólidos ou de vivos emparentados de proxenitores hematopoéticos.

p) A realización de informes, por solicitude das autoridades e das institucións sanitarias, sobre eficacia, calidade e seguraza, en procedementos de transplante de nova implantación ou eficacia clínica non demostrada.

q) Acolaboración coas comunidades autónomas na planificación e no desenvolvemento dos plans de formación continuada en materia de doazón e coordinación de transplantes de órganos, tecidos e células de orixe humana.

r) A cooperación cos organismos e entidades nacionais e internacionais no campo da doazón, extracción, procesamento e implante de órganos, tecidos e células de orixe humana para utilización en seres humanos, sen prexuízo das competencias que lle correspondan ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación e das funcións atribuídas á Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Sanidade e Política Social en materia de relacións internacionais.

s) A representación do Ministerio de Sanidade e Política Social ante os organismos e grupos de traballo de carácter internacional, no ámbito dos fins e funcións asignados á Organización Nacional de Transplantes, así como as funcións de natureza análoga que lle

poida encomendar o Ministerio de Sanidade e Política Social ou o Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, sen prexuízo das competencias que correspondan ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación e das funcións atribuídas á Secretaría Xeral Técnica en materia de relacións internacionais.

CAPÍTULO III

Órganos da Organización Nacional de Transplantes

Artigo 6. *Órganos de dirección da Organización Nacional de Transplantes.*

Son órganos de dirección da Organización Nacional de Transplantes:

- a) O presidente.
- b) O director.

Artigo 7. *Órgano consultivo da Organización Nacional de Transplantes.*

O órgano colexiado de carácter consultivo da Organización Nacional de Transplantes será o Consello Asesor.

Artigo 8. *Presidente.*

1. O presidente da Organización Nacional de Transplantes será o secretario xeral de Sanidade.
2. Corresponden ao presidente:
 - a) A alta dirección e representación institucional do organismo.
 - b) O seguimento e control das actividades da Organización Nacional de Transplantes.
 - c) O exercicio das restantes atribucións que lle confira o ordenamento xurídico.

Artigo 9. *Director.*

1. O director da Organización Nacional de Transplantes, con nivel orgánico de subdirector xeral, será nomeado e separado do seu cargo polo ministro de Sanidade e Política Social.
2. Corresponden ao director:
 - a) A representación legal e a dirección da Organización Nacional de Transplantes e do seu persoal, nos termos previstos nas disposicións vixentes. Correspóndelle ao director a sinatura dos acordos ou resolucións que deba adoptar a Organización.
 - b) A preparación do anteproxecto de orzamentos da Organización Nacional de Transplantes. Este anteproxecto será elevado ao presidente do organismo para a súa aprobación e tramitación.
 - c) A elaboración do plan anual de actuación do organismo.
 - d) A aprobación e o compromiso de gastos, o recoñecemento de obrigas, a ordenación dos pagamentos que correspondan aos gastos autorizados, a contratación en nome do organismo e a súa dirección económica e contable.
 - e) A rendición de contas ante o Tribunal de Contas.
 - f) A confección das memorias anuais de xestión.
 - g) A coordinación nacional de transplantes.
 - h) Cantas outras funcións se lle atribúan regulamentariamente ou lle sexan delegadas polo seu presidente.
3. Poñen fin á vía administrativa todos os actos, acordos e resolucións do presidente e do director da Organización Nacional de Transplantes, de conformidade co establecido na disposición adicional décimo quinta da Lei 6/1997, do 14 de abril.

Contra os actos, acordos e resolucións do director do organismo caberá interpor recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo do recurso potestativo de reposición previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Artigo 10. *Consello Asesor.*

1. O Consello Asesor da Organización Nacional de Transplantes é o órgano colexiado de asesoramento aos órganos reitores da Organización.

2. O Consello Asesor estará formado por:

- a) Presidente: a ministra de Sanidade e Política Social.
- b) Vicepresidente primeiro: o presidente da Organización Nacional de Transplantes.
- c) Vicepresidente segundo: o director da Organización Nacional de Transplantes.
- d) Vogais: un representante de cada comunidade autónoma, designado por estas.
- e) Secretario: o secretario xeral da Organización Nacional de Transplantes, que intervirá con voz e sen voto.

3. Ao Consello Asesor correspóndenlle as seguintes funcións:

- a) Coñecer e emitir informe sobre os obxectivos estratéxicos e sobre o plan anual de actuación da Organización.
- b) Coñecer e emitir informe sobre o anteproxecto de orzamento, sobre as contas anuais e sobre os informes de auditoría que se practiquen.
- c) Coñecer e emitir informe sobre os controis e auditorías técnicas e científicas que se realicen sobre o desenvolvemento das actividades da Organización.
- d) Coñecer e emitir informe sobre a memoria anual da Organización.
- e) Informar e asistir os órganos de dirección sobre as iniciativas normativas, profesionais, científicas ou organizativas que lle sexan expostas no ámbito dos fins e funcións da Organización.

4. O Consello Asesor axustarase no seu funcionamento ao previsto en materia de órganos colexiados no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

5. O Consello Asesor reunirase con carácter ordinario unha vez ao ano, para o exercicio das funcións a que se refire o punto 3 deste artigo, e con carácter extraordinario cando así o acorde o seu presidente, por propia iniciativa ou por solicitude da maioría dos seus membros.

6. Os membros do Consello Asesor non percibirán ningunha remuneración, sen prexuízo das indemnizacións por razón do servizo que sexan procedentes, de acordo co Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

Artigo 11. *Estrutura orgánica básica.*

Dependerán inmediatamente do director da Organización Nacional de Transplantes as seguintes unidades:

1. A Secretaría Xeral, que terá o nivel que se determine na relación de postos de traballo e á cal lle corresponderá:

- a) A administración xeral da Organización.
- b) A xestión económico-financeira, orzamentaria, patrimonial, de recursos humanos e de servizos xerais.
- c) A xestión do réxime interior, as comunicacións de voz e datos e os recursos informáticos.
- d) A tramitación e xestión dos contratos, convenios e acordos en que participe a Organización.
- e) A elaboración de proposta de informes preceptivos e de desenvolvemento normativo que deba emitir a Organización Nacional de Transplantes en materias de carácter xeral.

f) A supervisión e promoción da formación continuada do persoal non sanitario da Organización.

g) A suplencia temporal do director do organismo, en supostos de vacante, ausencia ou enfermidade.

h) A secretaría do Consello Asesor.

2. A Coordinación Médica, que será desempeñada polo xefe de servizo do cadro de persoal estatutario que determine o director da Organización Nacional de Transplantes, e á cal lle corresponden as seguintes funcións:

a) A coordinación operativa de transplantes de órganos, tecidos e células.

b) A xestión das listas de espera de ámbito nacional para transplantes de órganos, tecidos e células.

c) O impulso e a avaliación da actividade científica, docente, investigadora e de fomento da doazón dentro dos fins e funcións asignados á Organización.

d) A elaboración de proposta de informes preceptivos e de desenvolvemento normativo que deba emitir a Organización Nacional de Transplantes en materias técnico-sanitarias.

e) A produción, avaliación, síntese e difusión de información científica, documentos de consenso e de datos, en materia de doazón e transplante de órganos, tecidos e células.

f) Axestión e tutela dos rexistros técnico-sanitarios que garde a Organización Nacional de Transplantes.

g) A supervisión e promoción da formación continuada do persoal sanitario da Organización.

h) A designación, supervisión e participación, de ser o caso, dos servizos de garda de coordinación.

CAPÍTULO IV

Réxime económico-orzamentario, de contratación e de persoal

Artigo 12. *Recursos económicos.*

1. Os recursos económicos da Organización Nacional de Transplantes estarán integrados:

a) Polas asignacións xerais que anualmente se fixen con cargo aos orzamentos xerais do Estado a través do Ministerio de Sanidade e Política Social.

b) Polas achegas procedentes de fondos específicos de ámbito nacional ou internacional, ou doutros fondos comunitarios destinados ao cumprimento dos seus fins.

c) Polos demais ingresos públicos dimanantes da súa actividade.

d) Polas subvencións de todo tipo destinadas á Organización Nacional de Transplantes.

e) Polos ingresos que obteña a Organización Nacional de Transplantes como consecuencia de concertos ou convenios con entes públicos ou privados.

f) Polas doazóns realizadas a favor do organismo, sempre que non comprometan a súa neutralidade e independencia.

g) Por calquera outro ingreso ou recurso económico que lexitimamente poida corresponder ao organismo.

h) Polos bens e valores que constitúen o seu patrimonio.

2. O organismo autónomo Organización Nacional de Transplantes estará sometido ao réxime de contabilidade pública.

3. O control da xestión económico-financeira da Organización Nacional de Transplantes será realizado pola Intervención Xeral da Administración do Estado, nos

termos establecidos na Lei xeral orzamentaria, a través da Intervención Delegada no organismo.

Artigo 13. *Orzamentos.*

1. A Organización Nacional de Transplantes elaborará anualmente unha proposta de orzamento do organismo, coa estrutura que determine o Ministerio de Economía e Facenda, e que será remitida polo Ministerio de Sanidade e Política Social ao Ministerio de Economía e Facenda, que o elevará, como parte do anteproxecto de Lei de orzamentos xerais do Estado, ao Goberno, para a súa remisión ás Cortes Xerais.

2. O réxime orzamentario da Organización Nacional de Transplantes será o establecido na Lei xeral orzamentaria para os organismos autónomos.

Artigo 14. *Patrimonio.*

1. A Organización Nacional de Transplantes poderá ter patrimonio propio así como bens adscritos do patrimonio da Administración xeral do Estado para o cumprimento dos seus fins.

2. A xestión patrimonial do organismo levarase a cabo de acordo coa Lei 33/2003, do 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas.

Artigo 15. *Réxime de contratación.*

O réxime xurídico aplicable para a contratación de bens e servizos será o establecido na Lei de contratos do sector público e demais normativa de desenvolvemento para o resto da Administración xeral do Estado.

Para os efectos do sinalado na lexislación sobre contratación dos entes do sector público e demais normativa pública de contratación que resulte de aplicación, a Organización Nacional de Transplantes terá a consideración de medio propio e servizo técnico da Administración xeral do Estado e dos seus organismos e entidades de dereito público, e poderáselle encomendar a realización de traballos e tarefas incardinadas no ámbito das súas competencias. As encomendas, recibidas da Administración xeral do Estado e dos seus organismos e entidades de dereito público, serán de execución obrigatoria para a Organización Nacional de Transplantes e establecerán os termos e condicións de realización dos traballos ou tarefas citados.

As tarifas dos servizos prestados pola Organización Nacional de Transplantes na súa condición de medio propio instrumental serán aprobadas por resolución da subsecretaría do Ministerio de Sanidade e Política Social.

Artigo 16. *Réxime de persoal.*

1. O persoal funcionario da Organización Nacional de Transplantes rexerese polo Estatuto básico do empregado público e pola normativa de función pública aplicable. O persoal estatutario da Organización Nacional de Transplantes rexerese polo previsto na Lei 55/2003, do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, e pola normativa que, en desenvolvemento do citado Estatuto marco, se dite para o persoal estatutario.

2. O persoal laboral da Organización Nacional de Transplantes rexerese, no que proceda, polo Estatuto básico do empregado público e pola lexislación laboral aplicable.

3. As retribucións do persoal da Organización Nacional de Transplantes axustaranse ao disposto nas leis anuais de orzamentos.

Artigo 17. *Confidencialidade da información.*

Todo o persoal ao servizo da Organización Nacional de Transplantes deberá manter a confidencialidade, mesmo despois de ter cesado nas súas funcións, sobre os datos dos expedientes que coñezan no desempeño das súas funcións.